biblioteca pública de vigo juan compañel

SERVIZO DE PRÉSTAMO E CONSULTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS: GALICIALE

Estar en posesión do carné da biblioteca dá acceso ao servizo de préstamo de libros electrónicos a través da plataforma GaliciaLe e á consulta de bases de datos, enciclopedias e outros recursos electrónicos.

GaliciaLe

GaliciaLe é a plataforma do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á lectura neste formato.

GaliciaLe proporciona un servizo de préstamo temporal de obras en formato dixital de temáticas diversas no que os intereses de todas as persoas lectoras teñen o seu espazo (ficción, informática, historia, ocio, etc.) e todas as idades o seu lugar.

GaliciaLe engloba dous catálogos:

Catálogo do libro electrónico galego
Catálogo do libro electrónico en castelán

Os libros incluídos nestas dúas contornas poden lerse en dispositivos compatibles: tabletas, teléfonos móbiles, ordenadores persoais e lectores de libros electrónicos.

Para poder acceder ao préstamo dos libros electrónicos tan só é preciso ser usuario/a con carné da biblioteca e estar rexistrado na base de datos de GaliciaLe.

Máis información en http://www.galiciale.gal/ e na propia Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel.

GaliciaLe

DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

GaliciaLe

TAMÉN CHE PODE INTERESAR...



Servizo de préstamo de portátiles e lectores de libros electrónicos

---